



XUNTA DE GALICIA



PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, O COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS AGRÍCOLAS E PERITOS AGRÍCOLAS DA CORUÑA E PONTEVEDRA, O COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS AGRÍCOLAS E PERITOS AGRÍCOLAS DE LUGO, E O COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS AGRÍCOLAS E PERITOS AGRÍCOLAS DE OURENSE PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA PERICIAL Á ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2018

REUNIDOS

Dunha banda, **Alfonso Rueda Valenzuela**, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

 Doutra banda, **D. Rafael José Muñíos Moreno**, na súa condición de presidente do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas da Coruña e Pontevedra, no seu nome e representación.

 Doutra banda, **D. Marcos Vázquez Marey**, na súa condición de presidente do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Lugo, no seu nome e representación.

 E doutra banda, **D. Manuel Rojo López**, na súa condición de presidente do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Ourense, no seu nome e representación.

Todas as partes, en nome e representación en que concorren e coa capacidade legal e necesaria para este acto,

galicia



EXPOÑEN

I. A Xunta de Galicia ten atribuídas competencias e funcións en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que se exercen a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. É desexo desta Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 72/2013 do 25 de abril, no que se establece a súa estrutura orgánica, modificado polo Decreto 11/2015, do 5 de febreiro.

II. A conveniencia de dotar a Administración de Xustiza con mecanismos de asesoramento pericial, por técnicos privados nestas materias, é a razón que aconsella iniciar unha liña de colaboración entre a Consellería e o colexios oficiais de enxeñeiros técnicos agrícolas de Galicia.

III. O Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas da Coruña e Pontevedra, o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Lugo, e o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Ourense son corporacións de dereito público, amparadas e recoñecidas pola lei, pola Administración do Estado e pola Comunidade Autónoma de Galicia, e no seu ámbito territorial e no marco das súas competencias, exercen as funcións que lle asigna a Lei 11/2001 de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia e a lexislación básica do Estado nesta materia, son organizacións independentes das administracións públicas, sen prexuízo das relacións de dereito público que legalmente lles correspondan con elas. Os tres colexios oficiais teñen, no seu ámbito territorial, a representación da profesión nos termos que establece a normativa aplicable, sen prexuízo da que, no seu día, lle poda corresponder ao Consello Galego, no ámbito autonómico, e a atribuída ao Consejo General de Colegios de Ingenieros Técnicos Agrícolas de España nos ámbitos estatal e internacional. Todas as actuacións dos órganos colexiais dos tres colexios oficiais están rexidas polos principios de independencia, representatividade, actuación democrática e seguridade xurídica.

Co obxecto de articular a dita cooperación elabórase este documento suxeito ás seguintes





XUNTA DE GALICIA



CLÁUSULAS

Primeira. É obxecto do presente protocolo de colaboración establecer a vontade de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas da Coruña e Pontevedra, o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Lugo, e o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Ourense no ámbito da quenda de asistencia pericial á Administración de Xustiza en Galicia, enmarcada no principio xeral de colaboración recollido na Lei 11/2001, do 18 de setembro, de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segunda. Para os efectos de facer efectiva a vontade de colaboración recollida na cláusula primeira o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas da Coruña e Pontevedra, o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Lugo, e o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Ourense establecerán no seu ámbito territorial, unha quenda para a prestación de asesoramento e ditame pericial nos procedementos penais nos que se requira por un xuíz ou tribunal a proba pericial de oficio ou a pedimento do Ministerio Fiscal ou cando a proba fose acordada a solicitude dun beneficiario de asistencia xurídica gratuíta, así como cando se acordase, en procedemento de calquera orde xurisdiccional, por pedimento do Ministerio Público en beneficio de menores abandonados ou persoas incapaces ou desvalidas.

O dito ditame será emitido por un profesional colegiado, por designación e baixo control deontolóxico do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas da Coruña e Pontevedra, do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Lugo, ou do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Ourense e nas condicións que se regulan no presente Protocolo de colaboración.

Terceira. Queda excluído do ámbito do presente protocolo de colaboración o encargo profesional de parte, como perito privado, que se regulará polas condicións convidas entre as partes.

Cuarta. O Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas da Coruña e Pontevedra, o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Lugo, e o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Ourense teñen absoluta autonomía e responsabilidade en canto ao sistema de selección e clasificación dos profesionais para elaborar unha lista de peritos na súa materia e a repartición de peritaxes. O Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas da Coruña e Pontevedra, o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Lugo, e o Colexio Oficial de Enxeñeiros

galicia





XUNTA DE GALICIA



Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Ourense controlarán a formación e o control deontolóxico dos peritos, a liquidación das peritaxes e a repartición das cantidades percibidas da Administración para a súa indemnización.

Quinta. A quenda estará atendida polos colexiados que se inscriban voluntariamente e que haberán de reunir os requisitos de cualificación técnica, formación e experiencia práctica que o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas da Coruña e Pontevedra, o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Lugo, e o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Ourense determinen e a Administración de Xustiza requira.

Sexta. O Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas da Coruña e Pontevedra, o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Lugo, e o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Ourense garantirán a correcta prestación do servizo polos peritos e centralizará a información e os datos estatísticos. Serán funcións do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas da Coruña e Pontevedra, do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Lugo, e do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Ourense:

1. Confeccionar as listas de peritos que integran a quenda.
2. Atender os requirimentos da Dirección Xeral de Xustiza e comunicar a identidade do perito ou peritos solicitados.
3. Coidar da formación permanente dos seus membros.
4. Exercer o control deontolóxico no desenvolvemento da función pericial, propoñendo as actuacións que podan corresponder, se é o caso.

Sétima. A incorporación á quenda de peritos forenses do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas da Coruña e Pontevedra, do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Lugo, e do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Ourense efectuarase unha vez ao ano; terá carácter voluntario e producirase por petición do interesado, acreditando as condicións que de seguido se sinalan:

- a) A pertenza e a incorporación ao Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas da Coruña e Pontevedra, ao Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Lugo, ou ao Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Ourense.
- b) A antigüidade no desempeño efectivo da súa profesión polo menos de tres anos.



XUNTA DE GALICIA



- c) A acreditación, a xuízo do o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas da Coruña e Pontevedra, ou do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Lugo, ou do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Ourense, dunha formación específica, ou a participación en cursos de especialización dirixidos á avaliación e á peritaxe que se solicita.
- d) Non estar incursos en incompatibilidade legal ou deontolóxica.

Oitava. Os peritos terán os seguintes dereitos:

- Ser nomeados como peritos de acordo co procedemento establecido.
- Asistir aos cursos de formación continuada que se establezan.
- Dereito ao cobro dos honorarios correspondentes a súa peritaxe nas condicións convidas e sempre ao custo social, con obriga de reintegro á Xunta de Galicia se percibisen os honorarios por outras vías.

O cobro de dita cantidade non impide o cobro dos honorarios por vía ordinaria, contra a parte condenada en custas, agás no caso en que esta teña recoñecido o dereito á asistencia xurídica gratuíta ou sexa declarada insolvente.

En caso de cobro dos honorarios da parte condenada ao pagamento das custas o profesional deberá reintegrar á Xunta de Galicia o percibido con anterioridade, en concepto de compensación económica.

Novena. A adscrición voluntaria á lista de peritos do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas da Coruña e Pontevedra, do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Lugo, ou do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Ourense someten ao profesional colexiado aos seguintes deberes:

- Aceptar as cláusulas do presente protocolo de colaboración.
- Aceptar os nomeamentos, agás incompatibilidade ou causa xustificada.
- Declarar a súa incompatibilidade nos casos en que se produza.
- Manter unha información continuada do estado da elaboración do informe pericial.
- Entregar un xustificante de ter presentado no órgano xudicial ou fiscal o informe pericial para o arquivo do servizo no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas da Coruña e Pontevedra, no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e

galicia





XUNTA DE GALICIA



Peritos Agrícolas de Lugo, ou no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Ourense salvando os casos de segredo sumarial e do dereito á intimidade das persoas.

- Deber de comparecer.
- Deber de prestar xuramento ou promesa.
- Deber de examinar o obxecto da peritaxe.
- Deber de emitir o ditame no tempo requirido e na forma oportuna, coa necesaria contradición procesual, de forma oral ou escrita, pero en calquera caso fundamentada en conclusións claras e nunha relación lóxica, e a posibilidade de emitir un só informe, ou tantos como opinións se sustenten respecto do feito obxecto da peritaxe.
- Deber de gardar segredo sobre as actuacións coñecidas como consecuencia da peritaxe.
- Deber de reintegro á Xunta de Galicia da contía recibida desta Administración, no caso de que se lograra o cobro da peritaxe por outros medios.

Décima. O órgano xudicial requirirá o perito á Dirección Xeral de Xustiza, indicando o número do procedemento xudicial e se a elaboración do ditame pericial foi acordada ben de oficio polo xuíz ou polo tribunal, ben a instancia do Ministerio Fiscal ou ben por solicitude dun particular que teña recoñecido o dereito a asistencia xurídica gratuíta.

A Dirección Xeral de Xustiza solicitará a designación ao Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas da Coruña e Pontevedra, ou ao Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Lugo, ou ao Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Ourense, en función da súa competencia territorial, que seleccionará o perito que corresponda segundo a orde dentro da listaxe que teña elaborada. No caso de renuncia do perito seleccionado, que deberá ser xustificada adecuadamente, será seleccionado o seguinte da lista.

O perito aceptará e, unha vez realizada a peritaxe entregará o orixinal do informe pericial no vulgado, que será o órgano encargado de certificar a realización da peritaxe.

Para que se proceda ao pagamento aos ditos Colexios Profesionais, o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas da Coruña e Pontevedra, o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Lugo, e o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Ourense efectuarán unha liquidación mensual das



galicia



XUNTA DE GALICIA



compensacións económicas e as remitirán á Dirección Xeral de Xustiza xunto coa correspondente factura e coas xustificacións da presentación dos respectivos informes periciais no órgano xudicial correspondente.

O Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas da Coruña e Pontevedra, o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Lugo, e o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Ourense, pola súa parte, aboaralles os honorarios aos seus colexiados.

Décimo primeira. A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pagará, nos casos que proceda, as liquidacións mensuais presentadas polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas da Coruña e Pontevedra, polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Lugo, e polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Ourense, sen necesidade de que se ditase sentenza, co compromiso por parte da Entidade colexial de velar pola devolución dos honorarios se de resultas da sentenza hai condena en custas a algunha das partes do procedemento ou por calquera outro medio se realiza o reintegro dos honorarios definitivos ou, en todo caso, non debese corresponder o pagamento á Administración.

Décimo segunda. O Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas da Coruña e Pontevedra, o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Lugo, e o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Ourense e mais os/as colexiados/as que realicen as periciais comprométense a garantir a total confidencialidade dos datos persoais e familiares aos que teñan acceso como consecuencia das actividades realizadas, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Igualmente comprométense a observar o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no que se refire ao acceso limitado aos propios interesados en relación cos documentos que conteñan datos referentes á intimidade das persoas.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.

Décimo terceira. Este protocolo de colaboración será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da

galicia





XUNTA DE GALICIA



Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Décimo cuarta. O presente protocolo de colaboración entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e terá unha vixencia indefinida, salvo denuncia expresa de calquera das partes, que deberá ser notificada cunha antelación mínima dun mes.

Décimo quinta. Para facilitar o seguimento do presente protocolo, constituirase unha Comisión Mixta, integrada por representantes de cada unha das partes asinantes.

A Comisión Mixta ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

As súas funcións serán:

- Interpretación do protocolo.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento do presente protocolo

Décimo sexta. Serán causas de resolución do presente protocolo de colaboración:

1.- A resolución por incumprimento das cláusulas do mesmo, pola Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ou polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas da Coruña e Pontevedra, polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Lugo, ou polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Ourense

2.- Por acordo da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas da Coruña e Pontevedra, o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Lugo, ou o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Ourense

3.- Por desaparición das condicións que serven de base á súa realización.

Décimo sétima. O presente protocolo ten natureza xurídico-administrativa, estando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.



galicia



XUNTA DE GALICIA



As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, execución, modificación, resolución e efectos que puidesen derivarse da aplicación do presente convenio deberán liquidarse de mutuo acordo das partes. Se non resultase posible alcanzar devandito acordo, as cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

De conformidade con canto antecede, e en exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, subscriben por cuadruplicado o presente protocolo de colaboración, no lugar e data anteriormente indicados

**O VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE
PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E
XUSTIZA**



Alfonso Rueda Valenzuela

**O PRESIDENTE DO COLEXIO OFICIAL DE
ENXEÑEIROUS TÉCNICOS AGRÍCOLAS E PERITOS
AGRÍCOLAS DA CORUÑA E PONTEVEDRA**



Rafael José Muíños Moreno

**COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROUS TÉCNICOS
AGRÍCOLAS E PERITOS AGRÍCOLAS DE LUGO**

Marcos Vázquez Marey

**COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROUS TÉCNICOS
AGRÍCOLAS E PERITOS AGRÍCOLAS DE
OURENSE**

Manuel Rojo López